

# **CARTA DE MANUEL PUENTE A RAMÓN OTERO PEDRAYO, BUENOS AIRES, 20 NADAL DE 1955**

DOI: 10.17057/fmfhv.2021.016

Nesta carta Manuel Puente expón a disconformidade co capítulo dedicado á lingua galega. Está dixitalizada e integrada no Fondo Fundación Manuel Puente, do Consello da Cultura Galega.



MANUEL PUENTE  
Bartolomé Mitre 1263  
Buenos Aires

Buenos Aires, 20 Nadal de 1955

Señor,  
Don Ramón Otero Pedrayo  
TRASALBA (Orense)

Meu distinto e benquerido amigo:

¡Xa é hora de lle escribir! ¡Moito é o tempo que pasou sen o facer! E iso que teño recibido de vosté garimosas cartas que, pra vergoña e moritificazón miñas, teño sen respostar. A verdade que meu propósito era facelo no intre de lle poder transmitir notizas certas encol dos traballos pra *Historia* que vosté me fixo chegar. Tal intre foise alongando moito máis do que eu quixer e podía pensar. Unha chea de circunstancias o determinaron así. Elas foron xa superadas e, felismente, o intre chegou. Valía tudo elo pra espricar meu longo silenzo que lle prego disculparme. Sen perxuízo de respostar con outra as suas cartas, escribille a presente pra me referir aos traballos da *Historia*.

Unha obra de tal importancia e de tan outo *custo*, fixo imprescindible as correspondentes xestiós —longas e complicadas—, con diversas impensas pra dar coa que ofercera maores seguridás de bo traballo e de seriedade, dentro do máis equitativo prezo. N-istas xestiós fun asistido polos amigos Lois Seoane e Rodolfo Prada. A laboura non foi moi doada, especialmente polas dificultás con que veñen tropezando as impensas de iste país pra outer provisión de papel axeitado pra ista crás de traballos. O fin chegouse a concretar un arranxo, e firmei contrato, ca importante impensa López, a mesma que fixo o libro de *Cruces* do noso inesquecido Daniel. Dende logo que a un prezo que escede en

moitísimo aos cálculos que se fixeran o proieutar a obra. Pra o material literario e gráfico que vosté ten mandado, contratei ca dita impreña López dous tomos de 532 páxinas cada un, en formato de 28 por 20 (2.000 exemplares de cada tomo) polo prezo de \$400.000 —amáis do custo dos grabados que será de uns \$150.000—. Como xa teño adiantado encomendei a Lois Seoane a laboura de dirixir a edizón ca colaboración de Rodolfo Prada, quenes desintresadamente, movidos polo seu patriotismo, van a prestar tan importante axuda. Fólgome de lle informar que, fai uns días, se entregou material a impreña e xa temos ollado as primeiras páxinas en proba que, por certo, locen moi ben. O plan acordado é: facer as primeiras correccións eiquí e logo sacar derradeira proba en papel enxel que se mandará por correo aéreo a vosté pra que, polos autores dos traballos ou por quen vosté dispoña, se faga a definitiva corrección.

Un aspecto que nos preocupa, é o de coidar a debida unificación da ortografía e do léxico dos diferentes traballos. Houbera sido ben que elo viñese feito de aí. Percurarase facelo eiquí da millor maneira posibele; dende logo suxeto as definitivas definicións que acorde vosté, por sí ou cos autores dos traballos. O meu ver, o ideal sería que vosté, pra se aliviar de tarefas —¡qué de abondo ten!—, desíñase aí a unha persoa autorizada na materia que fixera isa laboura, tanto nas probas que se lle mandarán, como nos orixinaes que me irá enviando vosté no adiante. Por suposto que vosté ten, dende xa, a miña prena conformidade pra fixar os honorarios que correspondan a persoa que faga isa laboura.

Paso agora a falarlle do traballo de Don Aquilino Iglesias [*sic*] Alvariño encol do idioma galego. Sinto decirlle que a mín e os amigos patriotas a quenes teño ao tanto de tudo o referente a *Historia*, nos produxo magoante impresión. Non, dende logo, polo que fai ao aspecto centífico e técnico do traballo, que estimamos —até onde se nos alcanza— de outísimo méreto, senón ao espírito «derrotista», ou de subestimación da nosa lingua que ofrecera ao longo do mesmo. Teño a seguridade de que elo non se lle poido escapar a vosté, e penso que, si non ouxetou e refugou, terá sido por nobres razóns de polidez pra co autor e de respeto a liberdade de pensamento do mesmo. Mais eu non me sinto obrigado a ter isas consideracións. A mín móveme a apadriñar a *Historia*, unha alcendida paixón patriótica galega e coído que me asiste o dereito de percurar que os traballos da mesma estexan tinguidos de isa paixón, até onde a verdade e a seriedade e outura da obra o consistan. Naturalmente, por elemental prudenza, eu non

me deixei levar polo meu propio xuízo en choio de isa natureza, e sometín o caso a consideración dos amigos que xulguei competentes e de ánimo sereo. Iles redaitaron o escrito que vai ca presente carta.

Ben me decato do compromiso magoante que elo representa pra vosté. Mais eu lle prego iste novo sacrificio a prol da grande obra patriótica na que estamos empeñados. E o fago na confianza de que o señor Iglesias Alvariño é tamén un patriota galego que comprenderá xenerosamente o meu punto de vista e os sentimentos que me moven.

Non lle devolvo o devandito traballo porque supoño que o autor ficaría con copia do mesmo. Si esí non fose, e íl istivese disposto a modificalo, avíseme pra llo mandar de contado.

Mais si, por disgracia, íl non se aviñese a refacer o traballo no senso que se deixa dito, eu lle rogo a vosté que encomende seguidamente un novo a outro escritor entendido na materia abonándoselle os honorarios que corresponda. Por suposto que non é do caso que se teña de pedir o Señor Iglesias Alvariño a devolución do que se lle haxa abonado polo seu traballo. Non. A íl se lle fixo un encárgo, íl o cumpriu asegún a sua concencia e se lle pagou. Que íl o non quer refacer e nós o non queremos incurrir esí na *Historia*, pois ;non se fale máis do choio! Nin íl terá que nos recramar ren, nin tampouco nós a íl. E custión de cabaleirosidade.

Nun senso ou noutro: sexa que se refaga o traballo ou que se encomende a outro, convén meter a máisima presa, pois ise capitol ten de ir no segundo dos tomos xa contratado e a imprensa eisixirá sua entrega en prazo prudencial. Unha escesiva demora produciríalle o natural perxuízo polo cale, lóxicamente, me faría responsabele.

E perdoe, meu distinto e benquerido amigo, as molestias e desgostos que isto lle vai ocasionar, sen dúbida. Ben me decato o que elo representará pra unha espiritualidade tan sensíbel e nobre como é a de vosté. Eu ben quixer evitalo, mais non é posíbel. ;Tudo sexa pola patria!

¿Cómo andan os demais traballos? Non dubido que non deixará de lles meter presa aos autores. Os anos pasan e inda é moito o que se ten de facer pra chegar o romate da grande obra na que istamos empeñados. ;E todos hemos querer vela, cumprida, cos ollos corporaes...!

Chegará ista carta polas crásicas datas de Navidade e Aninovo...! qué ela lle leve a vosté —e tamén a sua nobre nai e a sua dina dona— as máis quentes felicitacións cos milllores agoiros de iste seu decote amigo e admirador.

[Manuscrita]

Agregolle copia da miña carta data 5-11-53 pois como nas suas non ma nomea teño dubidas si a recibiu —naquela lle reclamo os dibuxos ecetera, que chegaron despois e sobre de estos— dos *dibuxos* desexo lle espere as miñas felicitacións o grande artista Señor Xoquin Lourenzo, para a miña satisfacción e para ensalzamento de Galiza non perdo ocasión de mostralas.

[Falta sinatura e rúbrica]